

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019050	IES de Beade	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

LIMIAR

0 INSTITUTO DE BEADE

O IES de Beade sitúase no barrio de Beade, moi preto do centro urbano de Vigo. Trátase dunha zona eminentemente semi-rural, pero a súa actividade económica prioritaria non é o campo, senón o sector industrial ou de servizos. Ademais o barrio tamén é residencial recollendo a poboación de nivel socioeconómico e cultural medio alto que decidiu afincar neste barrio tranquilo preto da cidade. Por tanto o nivel socioeconómico e cultural das familias é dispar contando cunha maioría de veciños de nivel medio ou medio-baixo.

Este centro escolariza alumnado das etapas educativas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Xeralmente organízase o alumnado en 18 unidades que atenden ao redor de 400 alumnos e alumnas. O cadro de persoal do profesorado está composto por 48 profesores/as.

O centro conta cunha ANPA, dúas conserxes, dous administrativos e 4 limpadoras. Ademais conta cun servizo de cafetería.

O centro recibe aos seus alumnos de 3 centros adscritos de educación infantil e primaria da mesma parroquia: CEIP Sárdoma-Moledo, CEIP Coutada-Beade, CEIP Otero Pedraio, aínda que este curso escolarizamos en 1 de ESO alumnado de 9 colexios diferentes, 6 deles non adscritos. Para bacharelato o centro recolle ao alumnado que remata a ESO no IES Valadares e noutros centros privados da contorna.

É necesario subliñar que o alumnado que chega do centro CEIP Sárdoma-Moledo é, nunha alta porcentaxe, de familias inmigrantes chegadas tardiamente ao sistema educativo español.

O DEPARTAMENTO DE GREGO do IES BEADE

Durante o curso 2022-2023 o Departamento de Grego do IES Beade está composto por unha soa profesora con destino definitivo no centro e, polo tanto, xefa do mesmo, M^ª Isabel Rivero Gutiérrez, que imparte as seguintes materias:

¿ Grego en 1^º e 2^º de BAC

¿ Latín en 4^º de ESO

¿ Latín en 1^º e 2^º de BAC

Esta profesora ten 19 horas lectivas en total coas que completa o seu horario, polo que a materia de Cultura Clásica de 3^º ESO, con tres horas á semana nun grupo, será impartida por outra profesora:

¿Paula Fernández Bañuelos, pertencente ó departamento de Xeografía e Historia.

CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Cultura Clásica supón o primeiro achegamento sistemático, e quizais o único, ao mundo grecorromano, do que poida dispor o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da educación secundaria obrigatoria, compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual.

O estudo do mundo grecolatino nas áreas da cultura, da literatura, das artes e das ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de grande importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade.

Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e das culturas de Grecia e Roma e descubrir, desde o mundo de hoxe, o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento humano occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre o seu contorno e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito, xa directo, xa interpretado por sucesivas xeracións, dun rico proceso creador que transcurre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Pero esta achega, aínda que moi importante, non é exclusivo, polo que deberá valorar tamén aqueles elementos asimilados doutras culturas. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía vivificadora de todo renacemento cultural, e en particular de aquel co que se inaugura a época moderna.

O coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana, desde as que se transmitiron modos de vida, institucións ou creacións literarias, técnicas e artísticas achegará un instrumento de referencia necesario para entender a configuración e o progreso de Europa, os antecedentes históricos da organización social, e a delimitación dos dereitos das persoas.

O estudo básico dos fundamentos das linguas grega e latina, das regras elementais de evolución fonética e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para comezar a entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico.

A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico.

O achegamento ás narracións míticas xunto coa lectura, aínda que fragmentaria, de textos da literatura clásica axudará a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.

O seu carácter opcional fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha gran flexibilidade para adecualo á realidade de cada centro e do seu alumnado.

Como novidade na nova Lei educativa, que dispoñamos de 3 horas lectivas favorece que poidamos abordar os contidos e acadar os obxectivos establecidos.

Nesta programación non fixemos modificación ningunha con respecto aos descritores sinalados no currículo por parecernos suficientes e, sobre todo, xa que pode ter influencia no peso relativo da materia na adquisición das competencias clave, aspecto que debería ser acordado na concreción curricular.

Organizamos os contidos dos seis bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os de carácter cultural e lingüístico e intentar atopar un equilibrio tanto no número de sesións (63 fronte a 42) dedicadas a cada apartado como o peso porcentual (54 % fronte a 46 %). Así, situamos na primeira avaliación, nas primeiras sesións do curso, as UD referidas á xeografía, historia e política de Grecia e Roma. Algunha das UD trátanse de forma sucesiva nos tres trimestres, p. ex., a mitoloxía, a arte e a fraseoloxía grecolatina. Por outra banda, no segundo trimestre situamos o apartado de sociedade, familias lingüísticas e escritura e no terceiro, os espectáculos públicos, helenismos e latinismos e literatura.

Tamén buscamos que o peso porcentual das diferentes UD nos tres trimestres estivese equilibrado cun 34 %, 33 % e 33 % respectivamente, o cal pode comprobarse no apartado 5.2 de avaliación. Equilibramos o número de sesións dedicadas en cada trimestre das aproximadamente 105 previstas para unha materia de 3 horas semanais, con 36, 34 e 35 sesións respectivamente. Nas UD tratadas nun único trimestre non cabía dúbida, pero nas tratadas nas tres avaliacións (UD3, 4 e 12), cada unha con 10 sesións previstas, distribuímos 3 en dous trimestres e 4 no restante.

No apartado metodolóxico algúns dos recursos posibles a empregar nesta materia son: lectura de textos; comunicación oral en público; procura, selección e xestión de información; cartografía; aprendizaxe colaborativa; traballo interdisciplinar, etc.

En canto ao peso dos instrumentos de avaliación, buscamos un equilibrio entre as propostas de probas escritas (51 %) e as táboas de indicadores (49 %).

Os elementos transversais que incluímos son os que xa aparecen para este nivel no propio currículo. A eses nove elementos sumamos un décimo dedicado á educación para a paz.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente utilizamos varios instrumentos como rúbricas, enquisas e cuestionarios para a recollida de información entre o alumnado e, de ser o caso, co resto do profesorado do departamento ou de materias afíns para poder revisar e modificar aqueles elementos desta programación que presenten algún problema.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.	8	8	X		
2	Helenismos e latinismos	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	8	8	X		
3	Fraseoloxía en grego e latín	Fórmulas básicas de saúdo en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	6	8	X		
4	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	4	X		
5	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	6	2	X		
6	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. Relixión romana: culto público e privado. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	10	14	X	X	X
7	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	10	12		X	
8	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica.	10	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Historia de Grecia e do Imperio Romano	A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	10	14		X	
9	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	8	8		X	
10	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	8	7			X
11	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	10	12			X
12	Espectáculos públicos	Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	8	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Familias lingüísticas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- As linguas romances.

UD	Título da UD	Duración
2	Helenismos e latinismos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	PE	80
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
3	Fraseoloxía en grego e latín	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
4	Literatura	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	PE	75
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	Escritura	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.
- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.

UD	Título da UD	Duración
6	Mitoloxía grecorromana	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.	PE	30
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir e distinguir os indicadores que diferencian o culto público do privado.		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	TI	70
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
7	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	PE	80
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
8	Historia de Grecia e do Imperio Romano	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	80
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
9	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.	PE	60
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	40
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

Contidos
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
10	Política	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	50
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	50
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.
- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
11	Arte grecorromana	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.	TI	60
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	100
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Explicarase agora e de xeito abreviado as distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este abórdar se establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade.

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que illustren os temas que se tratarán.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.
- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

Na metodoloxía que se pon en práctica na aula concrétese todo un conxunto de decisións, algunhas previas á súa

realización, outras condicionadas polas necesidades do momento. O exame de diversas propostas metodolóxicas pon de relevo profundas diferenzas na forma de abordar a ensinanza. Calquera das decisións que configuran unha proposta metodolóxica ten uns referentes básicos, por unha banda, na función social que se lle atribúe ó ensino e, pola outra, na concepción que se posúe, non sempre explícita, sobre como se aprende e como se ensina.

Por esta razón aquí imos explicar os principios metodolóxicos dos que partimos:

-A actividade construtiva do alumno é un factor decisivo na realización da aprendizaxe. O profesor actuará como guía ou mediador para a construción das aprendizaxes significativas, que han de favorecer as relacións entre coñecementos e experiencias previas e os novos contidos. Por iso, hase partir do nivel de desenvolvemento dos alumnos, polo que será preciso realizar actividades que nos axuden a coñecer o punto de partida nos aspectos básicos da aprendizaxe, adoptando as necesarias adaptacións.

-O proceso de ensinanza estará presidido pola funcionalidade das aprendizaxes.

-Os contidos presentaranse sempre cunha nidia interpelación con outros novos contidos xa sexan da mesma área ou doutras en xeral. Por esta razón porémonos en contacto con outras áreas afíns para promover actividades conxuntas, que poñan de manifesto a interdisciplinariedade dos coñecementos.

-Atenderase á diversidade e observaranse as particularidades concretas de cada alumno e haberá un tratamento mediante adaptacións curriculares, se for preciso.

-No tocante á avaliación, esta deberá ter por obxecto as aprendizaxes e os procesos de ensinanza. O alumno e o profesor participarán na autoavaliación e a coavaliación.

-Reforzaranse os aspectos prácticos da materia, promovendo o seu achegamento á vida real de hoxe en día.

-Por último, favorecerase a cooperación e a aceptación mutua nos traballos en grupo.

Con estes principios como fondo, pretendemos conseguir entre o noso alumnado unha clase fundamentalmente activa, onde o profesor ou profesora non sexa o único interlocutor, onde exista unha participación dende o primeiro día, en debates ou en traballos en grupo ou individuais.

Favoreceremos o traballo colectivo, en grupos de 3 ou 4 alumnos, onde se abordarán temas e situacións problemáticas que provoquen o interese do alumno e seleccionaranse propoñendo a mestura de avantaxados e menos avantaxados. Pretendemos conseguir un continuo intercambio oral e escrito cos compañeiros, buscando como obxectivo a mellora na expresión escrita como oral. Os grupos deberán ser equilibrados, procurando que non sexan sempre os mesmos alumnos os que leven o peso da actividade.

Utilizaremos a descrición e a observación dos feitos como método. Mediante a indución e mesmo ás veces a dedución, verificaranse os feitos que se nos presenten. A comparación con outros feitos vainos permitir chegar a novas conclusións.

O papel do profesor será en si o de ensinar, animar e moderar. Cómpre que dende o comezo, o alumnado se decate da importancia da súa colaboración no proceso de ensino -aprendizaxe. Así estimularemos a súa participación na mesma organización da clase. Asemade temos que inculcar neles hábitos axeitados de puntualidade, respecto, tolerancia

O uso do ordenador tamén estará presente na nosa metodoloxía, tanto na confección de materiais didácticos e esquemas mediante o programa Power Point, como na elaboración de actividades de repaso e control, a través do programa CLIC. Asemade, somos conscientes de que hoxe en día a información discorre a través da Rede, por iso, o uso de Internet tamén será fundamental na nosa metodoloxía. Programaremos algunhas sesións de procura na Rede, mediante visitas á aula de Informática.

O alumno e alumna terá que realizar diversos traballos individuais ou colectivos, de investigación xeralmente, ó longo do curso, todos eles especificados nas unidades didácticas preparadas. Do mesmo xeito, haberá de realizar unha continuada investigación na biblioteca, Internet, diversos dicionarios, prensa e outros libros de texto doutras materias coas que se relacione o tema tratado.

Respecto das unidades didácticas, o esquema a seguir será o seguinte:

-Avaliación inicial, consistente nunha charla co grupo duns 10 minutos de duración, para partir dos conceptos xa coñecidos dos alumnos.

-Momento de investigación, na medida do posible, para que os nosos alumnos e alumnas constrúan os seus propios coñecementos.

-Explicación do profesor e realización de exercicios, elaborados de forma colectiva ou individual.

-Avaliación do alumnado e do profesor, sempre ó remate de cada unidade didáctica, do trimestre e do curso.

Todo o alumnado terá en todo momento presente cales van ser as tarefas a realizar, tarefas que atenderán á diversidade do alumnado, coas que os alumnos avantaxados poderán ampliar coñecementos e os atrasados asegurar os tratados, co fin de que ningún deles se atope sen facer ningunha cousa e se poidan orixinar así conflitos.

ACTIVIDADES

Levaranse a cabo diversos tipos de actividades:

1. Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese, poderá establecerse un debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia, imaxe, texto dun autor clásico, etc., realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.
2. Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os alumnos sobre un tema concreto, pode realizarse un *¿test* de coñecementos previos[¿] co que o profesor pode facerse unha idea de cada alumno e da clase en xeral.
3. Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:
 - a. Método dogmático-maxistral: Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas concretos ou propostas de técnicas de traballo.
 - b. Método histórico: Para un breve estudio dun tema a través do tempo.
 - c. Método de proxectos: Para a construción dun traballo sinxelo, incluíndo a fase de deseño, planificación e construción.
4. Actividades de consolidación: Para que os/as alumnos/as contrasten as novas ideas coas previas e apliquen as novas aprendizaxes, realizarán actividades nas que se traballarán tanto os contidos conceptuais, como os estándares de aprendizaxe e actitudes.
5. Actividades de síntese-resumo: Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resumo .
6. Actividades de reforzo: Para aqueles/as alumnos/as que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.
7. Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido realizaranse actividades como a busca de información en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula sobre algún dos contidos do tema.
8. Actividades de avaliación: Son as actividades dirixidas á avaliación formativa e sumativa que non se cubriron polas actividades de aprendizaxe dos tipos anteriores.
Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas aos contidos e obxectivos e ás características do alumnado.

DOCENCIA NON PRESENCIAL. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

1. METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Seguiranse as clases telemáticamente de acordo cos horarios-espello elaborados pola Dirección do centro. O alumnado recibirá as explicacións pertinentes e realizará actividades que se corruxirán en grupo. No caso de que non poda haber tantas videochamadas como clases, utilizaranse as videochamadas para explicar, corruxir e resolver dúbidas.

O alumnado recibirá os exercicios solucionados a través da aula virtual e sempre disporá da posibilidade de poñerse en contacto coa profesora a través da aula virtual ou do correo. Se fai falta organizar unha videochamada, farase coa inmediatez necesaria.

En colaboración co resto do equipo docente elaboraranse semanalmente plans de traballo nos que se concreten as actividades que o alumno debe desenvolver nun espazo de tempo concreto e entregar nunha data determinada a través do correo electrónico ou da aula virtual.

Estes plans serán públicos co fin de que sexan coñecidos polo alumnado e as súas familias.

2. ACTIVIDADES

1. Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos.

2. Actividades de consolidación: Para que os alumnos contrasten as novas ideas coas previas e apliquen as novas aprendizaxes, realizarán actividades para traballar tanto os contidos conceptuais, como os estándares de

aprendizaxe.

3.Actividades de repaso e reforzo para tódolos alumnos. Actividades de contidos básicos e mínimos de trimestres anteriores co obxectivo de mellorar a asimilación dos EEAA dos bloques de morfoloxía, sintaxe e textos.

4.Actividades de recuperación para os alumnos con avaliacións pendentes de superación. Actividades de contidos básicos e mínimos de trimestres anteriores co obxectivo de adquirir as competencias clave dos EEAA dos bloques de morfoloxía, sintaxe e textos.

5.Actividades de ampliación. Actividades de contidos novos necesarios para a boa progresión da aprendizaxe do alumno dos EEAA de morfoloxía, sintaxe e léxico.

6.Actividades de síntese e resume: Actividades de contidos relacionados especialmente cos EEAA de Historia, cultura e civilización e Léxico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Cultura Clásica, libro físico e dixital da Editorial Santillana, 2022
Materiais de elaboración propia coa incorporación de contidos e actividades seleccionadas do libro e do blog de aula: sucedeokesei.blogspot.com .
Enderezo electrónico, acceso a internet (casa, biblioteca...).
Caderno de escritura tamaño DIN A4 con cuadrícula.

Utilizaremos alternativamente os materiais do libro e os elaborados pola profesora subidos ao blog de aula, de tal maneira que se utilice en clase para realizar algún exercicio ou cuestionario ou para unha busca puntual de información. Porén, durante as explicacións e o traballo habitual en clase utilizarase o encerado tanto convencional como dixital.

1.MATERIAIS CURRICULARES

O libro de texto utilizado é Cultura Clásica, proyecto construyendo mundos de Santillana Educación, S.L. 2022
O blog de aula da profesora Paula Fdez. Bañuelos: sucedeokesei.blogspot.com

2.RECURSOS DIDÁCTICOS

O ensino desta materia poderase realizar na aula normal do grupo ou, para aqueles temas nos que sexa preciso, nas aulas de informática ou multimedia. Ademais estará a disposición dos alumnos a bibliografía, documentación e recursos existentes no departamento, biblioteca, etc.

O alumnado precisará o seguinte material individual:

1. Ordenador nas aulas de informática e multimedia.
2. Conta de correo electrónico a través do directorio iesbeade.org para enviar e recibir materiais didácticos.
3. Mapas e material videográfico e audiovisual.
4. Fotocopias.
5. Dicionarios e enciclopedias de todo tipo.
6. Prensa escrita.
7. Textos clásicos e adaptacións.

3.LIBROS DE LECTURA

As lecturas obrigatorias propostas para este curso, que poderán ser cambiadas a xuízo deste seminario, será elixidas

entre as seguintes:

Da editorial AKAL, Colección ¿Conocer a los clásicos¿ elixir entre:

VIVET-RÉMY, A-C., Los trabajos de Hércules
 VIVET-RÉMY, A-C., Rómulo y Remo
 VIVET-RÉMY, A-C., Agamenón y la guerra de Troya
 WIENER, M., Jasón y el vellocino de oro
 VIVET-RÉMY, A-C., Teseo y el Minotauro
 VIVET-RÉMY, A-C., Los viajes de Ulises
 VIVET-RÉMY, A-C., Edipo

Da editorial ESPASA elixir entre:

POUZADOUX, C., Cuentos y leyendas de la mitología griega
 HOMERO, Cuentos y leyendas de la Odisea
 HOMERO, Cuentos y leyendas de la Ilíada
 Da editorial VICENS VIVES:
 AGUSTÍN SÁNCHEZ , Metamorfosis.

DOCENCIA NON PRESENCIAL. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1. Ordenador e Internet.
2. Libro de traballo.
3. Conta de correo electrónico a través do directorio iesbeade.org para enviar e recibir materiais didácticos.
4. Aula virtual do Centro.
5. Google Suit para Educación: Correo, Drive, Hangoust Meet para facer videoconferencias.
6. Cisco Webex.
7. Vídeos e Audios.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a cada unha das unidades didácticas do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	6	8	6	10	10	10	8	8
Proba escrita	100	80	0	75	0	30	80	80	60	50
Táboa de indicadores	0	20	100	25	100	70	20	20	40	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	8	100
Proba escrita	40	0	52
Táboa de indicadores	60	100	48

Criterios de cualificación:

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou unidade didáctica.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula: $(1.ª \text{ aval.} \times 0,34) + (2.ª \text{ aval.} \times 0,33) + (3.ª \text{ aval.} \times 0,33)$

- 1.ª avaliación achega o 34 % da cualificación final.
- 2.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.
- 3.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- 1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
- 2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son basicamente os seguintes:

- 1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
- 2. Describir os marcos xeográficos e identificar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.
- 3. Coñecer as principais características dos período da historia de Grecia e Roma.
- 4. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.
- 5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina e os mitos e os heroes grecolatinos.
- 6. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.
- 7. Coñecer as características da arte clásica e relacionar manifestacións actuais y modelos clásicos, tanto en arquitectura como en escultura.
- 8. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.

9. Coñecer e localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.
10. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.
11. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.
12. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
13. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá e das formas de lecer en Grecia e Roma.
14. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas de Grecia e as actuais.
15. Coñecer os diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.
16. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.
17. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.
18. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.
19. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.
20. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.
21. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.
22. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.
23. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia posterior.
24. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base da cultura occidental.
25. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
26. Coñecer a supervivencia da mitoloxía e os temas lendarios na arte actual.
27. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en aspectos da civilización actual.
28. Realizar traballos de investigación sobre a supervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN. Establecemos:

- un 90% da nota para o conxunto dos estándares de aprendizaxe.
- un 10% para o rexistro de observación que recollerá a actitude do alumno con respecto á materia: interese, motivación, participación...

O sistema de cualificación será o seguinte:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NÚMERO CUALIFICACIÓN %

Rexistro de observación 10%

Rúbrica de produción 20%

Probas escritas ou orais 70%

Para aplicar o sistema de porcentaxes é necesario que o alumno acade un 5 no apartado das probas escritas ou orais e nas rúbricas de produción. No caso das lecturas obrigatorias e dos traballos de investigación, este Departamento considera que o aprobado é condición "sine qua non" para superar a avaliación.

Con respecto as actitudes do alumno (10% da nota) terase en conta o seguinte:

1. fai as actividades e fainas con limpeza e orde nos traballos ou caderno de clase.
2. interese pola materia: participa con regularidade e/ou fai preguntas.
3. coñece e respecta as pautas dadas pola profesora para o seguimento do traballo diario para acadar unha aprendizaxe significativa
4. ten espírito crítico nas súas valoracións e faino dun xeito construtivo

B. CUALIFICACIÓN FINAL

Para superar a materia é imprescindible superar nas tres avaliacións un mínimo do 50% dos EEA. A nota final será a NOTA MEDIA das tres avaliacións. Se un alumno non ten avaliación positiva nalgún trimestre, o profesor valorará a posibilidade de realizar exames de recuperación específicos ou a repetición de tarefas nas que non se acadaron os obxectivos marcados ou a incorporación doutras actividades novas.

Para unha cualificación correcta, teranse en conta as seguintes circunstancias:

Unha proba non realizada. Se a ausencia é xustificada documentalmente, a profesora concertará co alumno outra data para a realización da proba.

Unha avaliación non superada. Se un alumno non supera unha avaliación, por ter suspenso una proba / traballo / rúbrica, deberá facer unha proba ou traballo de recuperación nunha data fixada previamente e sempre despois da avaliación ordinaria.

Avaliación ordinaria de Xuño

Se o alumno non supera con cualificación positiva a materia cos procedementos xa sinalados, deberá presentarse a un exame en xuño no que se recollan os contidos correspondentes aos estándares de aprendizaxe sinalados como mínimos nesta programación.

A avaliación final no caso de perda do dereito á avaliación continua

O alumnado que estea nesa situación deberá facer unha proba final, consistente nun exame escrito no que se recollan os contidos correspondentes aos estándares de aprendizaxe sinalados como mínimos nesta programación.

IMPORTANTE:

- a) FALTAS DE ASISTENCIA: as faltas de asistencia aos exames deberán estar debidamente xustificadas ante o titor; no caso de que non sexa así o alumno recuperará a materia no exame de recuperación correspondente.
- b) COPIA NAS PROBAS E RÚBRICAS: cando sexa evidente que un exame ou traballo é obxecto de copia, deixarase que o alumno/a continue facendo a proba, despois de tacharlle as preguntas que foron copiadas, que on se valorarán. Queda a criterio da profesora de que xeito recuperará eses contidos no caso de acadar un resultado insuficiente.
- c) ALUMNOS CON PROBLEMAS PARA ASISTIR A CLASE: No caso de que o control do traballo diario non poida facerse na aula por causas de forza maior (enfermidade, accidente...), a avaliación do alumno farase por outros medios. Se é posíbel que o alumnado poda manter o contacto co profesor e traballar na casa, ambos poñeranse de acordo para establecer un método de traballo. O método elixido permitiralle ó profesor darlle indicacións ó alumno sobre temas concretos coa axuda do libro de texto e realizar as tarefas e os traballos que considere oportunos. Ademais, permitiralle ó alumno realizar as ditas tarefas e enviarllas periodicamente ao profesor, para que este as poida corrixir e observar as dificultades, avances ou erros que poida ter e resolvelos axeitadamente e coa maior rapidez posíbel. Tamén se arbitrarán probas específicas sobre os contidos, que se realizarán no centro ou na casa do propio alumno. Se todo o comentado anteriormente non é factíbel, haberá que pensar na realización dunha proba única ó final do curso. Esta proba coincidirá no tempo e na forma coa proba final que realicen os compañeiros do seu grupo.

DOCENCIA NON PRESENCIAL. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As probas levaranse a cabo SEMPRE presencialmente, pero se non se pode, realizaranse telemáticamente. Responderán aos contidos mínimos que se traballarán previamente con actividades ad hoc. Os alumnos contarán cun tempo limitado para resolver cada unha das preguntas da proba co fin de evitar as axudas externas e a copia de contidos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NÚMERO CUALIFICACIÓN %

Rexistro de observación - 10%

Probas presenciais escritas / orais ou telemáticas

Bloques 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 - 90%

AVALIACIÓN Valoración

1ª AVALIACIÓN NOTA MEDIA DAS TRES AVALIACIÓNS

2ª AVALIACIÓN

3ª AVALIACIÓN

As circunstancias que se terán en conta para unha correcta cualificación serán as mesmas que para a docencia presencial.

No tocante ós criterios de promoción e titulación, as decisións adoptadas polo centro figuran no Proxecto Educativo do Centro, razón pola que non aparecen neste documento.

Criterios de recuperación:

Non se realizará ao final de cada trimestre unha proba escrita a modo de exame, senón que se aludirá aos contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5. Asemade, para o resto do alumnado que obtivese unha cualificación superior a 5, esas referencias servirían para incrementar a súa cualificación nese trimestre.

A finalidade é conseguir que valoren o traballo día a día como o mellor medio de aprendizaxe significativa, actitude que é a que serve de verdadeira recuperación.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación final, haberá algúns días adicados a traballos de reforzo e de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas para o caso de que a cualificación final non chegase a 5, presentándose á proba ordinaria de xuño con parte ou toda a materia.

A nota obtida nas procedementos de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocióne sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado.

O departamento programará as actividades que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento, os criterios de avaliación e o profesorado responsa en 4.º, será, en principio, o profesorado desta materia en 4.º de ESO o encargado da facer o seguimento do alumnado que promocióne a 4.º coa materia pendente. En último caso, se non existe esa posibilidade porque non se imparta esta materia en 4.º, o xefe ou xefa de dept. encargárase do seu seguimento de non cursar o alumnado esta materia no curso actual. Dado que a materia só se pode cursar en 3.º de ESO o departamento decidirá quen se ocupará deste labor.

O seguimento destes programas realizarase nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento da súa lectura e probas escritas en datas proporcionadas pola xefatura de estudos.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

A avaliación dos alumnos PENDENTES levarase a cabo tendo en conta os mínimos esixibles establecidos por este seminario e por medio dos seguintes instrumentos:

¿ Cuestionarios entregados periodicamente polo profesor cunha ponderación do 60% da nota final.

¿ Traballo de investigación cunha ponderación dun 40% da nota final.

No caso de que os cuestionarios ou o traballo de investigación teñan avaliación negativa ou non se presenten, o alumno deberá realizar unha proba final escrita na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. Tanto os cuestionarios como os traballos serán entregados nas datas que indique o profesor. Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo por causas debidamente xustificadas.

No caso de que o alumno non acadase cualificación positiva en algunha ou todas as avaliacións, terá unha convocatoria ordinaria en xuño para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa

de contidos.

Cada alumno é distinto dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Se queremos que todos aprendan, non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender.

A atención á diversidade debe orientarse a quen teña dificultades para acadar os Obxectivos, pero tamén a quen os supere e poida amplialos para así axustarmos a Avaliación ás súas necesidades psicolóxicas e educativas. Así, nas nosas actividades intentamos dar cabida ás dúas opcións para combinármolas na aula e para comprometer a todo o grupo no proceso.

Presentamos tarefas para ser realizadas en pequenos grupos formados por alumnado heteroxéneo nos que as capacidades de uns poidan ser aproveitadas polos demais.

Atendendo a estas características, procuraremos que a materia de Cultura Clásica permita desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado que así o demande e, na mesma liña, faremos un seguimento o máis personalizado posible co fin de que cada quen desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Para iso, cando na aula se detecten casos de alumnos que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe ou de comportamento, incorporaranse actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel, informando tamén desta situación ao titor correspondente.

Neste senso a metodoloxía que se pensa levar adiante vai ser diversa e estará baseada nos seguintes criterios:

1. Alternará o traballo individual e en pequenos grupos.
2. Farase un seguimento diario de alumnos con dificultades.
3. Farase uso de material didáctico próximo ós seus intereses e sobre todo práctico.
4. Non se comparará o alumno co grupo.

En todo momento poderanse facer pequenas adaptacións, se for preciso. Por esta razón vanse seguir unhas pautas determinadas de traballo:

- Determinación de qué é o que o alumno non consegue facer.
- Determinación dos contidos que a traballar e da metodoloxía a usar.
- Comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Tamén as actividades deberán ser diferenciadas segundo o alumno:

1. Actividades para o aproveitamento de alumnos avantaxados.
2. Actividades con distinto nivel de complexidade, que permitan traballar os mesmos contidos con esixencias distintas.
3. Actividades que lles permitan ós menos avantaxados acadar o máximo e que, sobre todo, lles poidan servir de reforzo ou axuda.

É por isto polo que os materiais didácticos non serán homoxéneos, xa que, aínda que se basean nun libro de texto, moitos temas poden ser elaborados polo propio Departamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.						X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X			X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.								
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X			X			X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X		X					
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X		X		
ET.9 - A creatividade.				X	X	X		
ET.10 - A educación para a paz.								X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X			
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X		
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X			
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X		X
ET.9 - A creatividade.			X	
ET.10 - A educación para a paz.		X		

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma cunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

Tal como se recolle nos obxectivos xerais do proxecto educativo de centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudio e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectual como laboral do alumnado.

Desde esta materia tamén queremos transmitir valores fundamentais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.	X		
Festival de teatro grecolatino.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente.		X	
Viaxe a Coimbra.	Coñecer a cidade de Coimbra e, en especial, visitar o recinto arqueolóxico de Conimbriga en colaboración co departamento de Portugués a finais do mes de xuño.			X

Observacións:

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

Todas as propostas estarán condicionadas polas condicións sanitarias e polo protocolo COVID19 do centro.

As actividades complementarias e extraescolares deste curso estarán recollidas na dirección web do centro na apartado de Actividades extraescolares e complementarias.

Tense pensado, en principio, participar no Festival de Teatro Escolar. En cursos pasados foise a Lugo, pero a elección da sede (Mérida, Itálica,...) depende da oferta e, dunha forma moi decisiva, do calendario. Esta actividade está pensada para todo o alumnado de 1º e 2º de Latín e Grego de Bacharelato, e tamén para os grupos de Cultura Clásica do centro.

E tamén se ten o propósito, coma en cursos anteriores, de participar con todo o alumnado de Latín e Grego, se se pode, no concurso Odisea organizado pola sección galega da SEEC.

Por último, hai plena disposición para aproveitar todas aquelas posibilidades que poidan xurdir, especialmente as relacionadas coa biblioteca, e que sexan axeitadas ós temas tratados ó longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.
Metodoloxía empregada
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Clima de traballo na aula
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

Ao final de cada trimestre avaliaremos o proceso cunha rúbrica como a seguinte:

PRÁCTICA DOCENTE ESCALA

1 2 3 4

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Programa semanalmente e diariamente as clases.
3. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
4. Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.
5. Proporciona información sobre a resolución e mellora das tarefas
6. Corrixe e explica os traballos e as actividades, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.

7. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se alcanzaron suficientemente.
8. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos se alcanzaron con suficiencia.
9. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes...
10. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais/nais.

PROCESO DE ENSINO ESCALA

1 2 3 4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.(na ESO)
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.(na ESO)
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarse nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados